

Ser bailarina é moi difícil

“Non contes unha historia que non é certa, imaxina que cho fan a ti. Gustaríache?”. Esa é a miña frase favorita da canción *Imaxina*, pero imos comezar dunha vez esta historia que me sucedeu a min.

Chámome Enma, teño 9 anos e son bailarina, e selo é moi difícil, porque tes que facer audicións en público e iso dá moito, pero que moito medo. A primeira vez que fixen unha audición foi o peor. Cando cheguei ao escenario, púxenme a chorar e tremíanme as pernas. Custábame respirar e tiña o que se lle chama medo escénico, agora estou máis acostumada pero a primeira vez, aínda que non o creades, levanteime e fixen a audición. Tiven medo, admítoo, pero agora é como algo normal de toda a vida. É normal ter medo, eu sentino.

“Se te caes, non esteas triste, sé forte e érguete para seguir co espectáculo”.

Irene Iglesias Gómez 1ºB